

O día catro de xuño do 2003 fai cen anos que nacía na cidade de Ourense Alexandre Bóveda Iglesias, o motor de explosión do galeguismo a quen fusilaron os militares nacionalistas no amencer do 17 de agosto do 1936 despois de facerlle unha farsa de xuízo.

Con tal motivo a Excm. Deputación de Ourense nomeouno fillo predilecto da provincia e formouse unha Comisión presidida por D. Julio Francisco Ogando Vázquez, e dela forman parte D. Eustaquio Puga, D. Luis Taboada e D. Enrique Bande. A comisión na súa última xuntanza acordou programar unha semana cultural adicada ó prócer do galeguismo e erguerlle un monumento nos xardíns da rúa de Barreira fronte á casa berce de Bóveda. Co gallo da dita reunión o escultor Manuel de Buciños, presentou o proxecto da escultura que inmortalizará para sempre a personalidade de Bóveda. Trátase dunha alegoría simbolizada no tronco dun carballo troncado pola metade, polo que agatuña un fato de rapaces que son o froito do sangue de Bóveda e a expresión do galeguismo de hoxe. No soporte ou pedestal pétreo leva a seguinte inscrición "Bóveda Mártir".



ENRIQUE BANDE RODRÍGUEZ

Sande-Ourense, 1936

Licenciado en Xeografía e Historia pola Universidade de La Laguna, Tenerife. Profesor Numerario nos Institutos de Cangas e Otero

Pedrayo de Ourense, onde exerce na actualidade como Catedrático de Xeografía e Historia. Membro do Instituto "Padre Sarmiento" de Estudos Galegos. Adícase á investigación e divulgación de temas históricos, antropolóxicos e etnográficos

cos relacionados coa nosa raigame.

Ten publicados máis de cincuenta libros sobre estes temas e colabora con asiduidade na prensa local e rexional, así como en "Cuadernos de Estudios Galegos" e no "Boletín Auriense".



L i t e r a t u r a

ALEXANDRE BÓVEDA

**«O MOTOR DE EXPLOSIÓN
DO GALEGUISMO
NO MUNDO ENTEIRO»**

Enrique Bande Rodríguez

1. Notas Biográficas

Nació o día catro de xuño do ano 1903 na casa número 16 da rúa de Barreira, no corazón do Ourense medieval, chamado vulgarmente o Ourense vello, no seo dunha familia de orixe humilde, xa que o seu pai era carpinteiro, coñecido como “o silleiro da Barreira” e a súa nai era costureira. A primeira ensinanza encetouna na Anexa da Escola Normal de Maxisterio, pasou despois ó Colexio dos Irmáns Villar, coñecido como dos Villares. Preparou por libre os cinco anos da carreira de Peritaxe Mercantil pasando as probas na Escola de Comercio da Coruña. Polas noites asistía as clases nocturnas de debuxo que impartía D. Luis Xesta no Círculo Católico. Aprendeu solfeo na Academia Municipal. Foi membro da Coral de Ruada e do Orfeón Unión Ourensana. Traballou como docente,

mestre dos seus compañeiros no Colexio Irmáns Villar, onde comezou a preparar as oposicións para auxiliar de contabilidade. Rematado o Peritaxe Mercantil na Coruña preparouse para opositar a auxiliar de contabilidade do Ministerio de Facenda. Tiña entón 21 anos. Despois da oposición traballou na Delegación de Facenda de Ourense onde iniciou a súa amizade con Cuevillas. No ano 1928 trasladouse a Pontevedra como xefe de contabilidade de facenda. Pontevedra ía ser a súa patria de adopción. Alí participou nas tertulias da cidade do Lérez que tiñan lugar no café Méndez Núñez. Ó serán ensaiaba na Coral Polifónica. Foi desterrado a Badajoz sen previo expediente e sen máis motivo que a súa manifestación política e a súa militancia para reincorporarse novamente despois na Delegación de Facenda de Pontevedra en 1935, logo de pasar por Cádiz e Madrid.



Bóveda por Siro.



*Fotografía do carnet
do Seminario de Estudos Galegos.*

2. O Galeguista

Os seus primeiros contactos co galeguismo producíronse no grupo NOS. Cuevillas introduciuno no círculo dos intelectuais galegos e ourensáns no que militaban Otero Pedrayo, Risco e X. R. Fernández Osexa.

En Pontevedra completa a súa formación galeguista traballando con Castelao, Iglesias Vilarelle, Antón Losada Diéguez. Comezou a participar activamente na elaboración do Estatuto Autonómico, ano de 1930. Leu ós galeguistas como Brañas e Risco. Foi un político e un economista integrado na causa nacionalista. En Pontevedra participou na IV Asemblea do Partido e en Santiago toma parte xunto con Castelao o día da patria galega. O 6 de decembro de 1930 decide o Congreso Fundacional do Partido Galeguista participar na elaboración do programa do partido galeguista no que Bóveda colaborou no eido económico con conferencias e mitins sobre o galeguismo por toda Galicia.

3. Papel de Bóveda no Partido Galeguista


En 1931 nacía o partido galeguista. Os días 5 e 6 de nadal do ano 1931 xuntáronse en Pontevedra os socios de 22 agrupacións nunha asemblea que deu a luz ó partido galeguista pola fusión de distintos grupos como eran: o partido nacionalista republicano de Ourense, liderado por Otero Pedrayo, o partido galeguista de Pontevedra, liderado por Castelao, o grupo autonomista de Vigo de Valentín Paz Andrade e a organización republicana de Buenos Aires. Había en total 22 grupos locais. No consello directivo do partido quedou incluído como secretario da organización Alexandre Bóveda Iglesias, adicándose á tarefa da ampliación da base social do partido galeguista con todas as súas forzas. En menos dun ano os grupos sociais pasaron a ser máis de 100 e os afiliados pasaron de 600 a 30.000. En 1932 acadou a secretaría xeral do partido galeguista. Podemos dicir que Castelao foi o ideador xeral do galeguismo e Bóveda o executor fiel. O home organizador e traballador incansable. Bóveda desde entón só viviu para facer realidade a liberdade de Galicia. Desde a fundación do partido participou nas tarefas executivas. No ano 1936 para non perder a carreira do Estatuto Galego o partido galeguista tivo que escorarse cara o fronte popular. Foi entón cando unha parte da chamada dereita galeguista afastouse. O partido galeguista orientouse cara a consecución da autodeterminación política. O 6 de decembro do ano 1930 decidía o congreso fundacional participar na elaboración do

programa do partido no cal Bóveda colabora no eido económico. Foi o máximo organizador da expresión política concreta do galeguismo e da súa encarnación nunha actividade partidaria. Desde que chega a Pontevedra Bóveda convírtese no motor de explosión do grupo galeguista. Bóveda era consciente da situación política que se estaba a vivir no período republicano.

A obra de Bóveda é en gran parte a do partido galeguista. Bóveda destacou por ser o organizador e o animador do partido. A labor de Bóveda nos anos da II República asombrou a todos. A maior parte do realizado naquel momento debeuse a él. Defendeu sempre a necesidade de unión dos partidos políticos. Defendeu tamén sempre unha situación de centro esquerda. Desplegou unha febril actividade. Entre as súas reponsabilidades figura a organización e o control da actividade galeguista e por iso fala moitas veces de apuntalar o partido. O obxectivo era darlle unha dimensión social e colectiva a vida cotiá galega en todos os eidos. Bóveda é o partido galeguista, ten ó seu favor o facer posible o primeiro Estatuto Galego de Autonomía. A fe no seu traballo e o anhelos de ver plasmada a realidade de Galicia nun proxecto de Estatuto fixo de Bóveda o máis nitidamente nacionalista e progresista de todos, un elemento activo na redacción do Estatuto. Despois do discurso de Bóveda no paraninfo da universidade compostelana Otero Pedrayo afirmaba admirado: *“Endexamais escoitei unha verba así neste lugar”* con aquel discurso cavaba Bóveda o seu cadaleito.

4. Labor de Bóveda na Elaboración do Estatuto de Autonomía

A principal actividade dos galeguistas foi o Estatuto de Autonomía de Galicia. A elaboración do Estatuto tivo unha longa prehistoria xa que se iniciou no ano 1930. O Alcalde de Santiago, Ánxel Casal, convocou unha asemblea de concellos que tivo lugar o 3 de xuño de 1930. Na dita asemblea foi nomeada a ponencia de técnicos encargados de redactar o proxecto de Estatuto, figura destacada da dita ponencia era Bóveda, a quen invitaron a participar, e desde entón adicou a aquel empeño todos os azos do seu entusiasmo galeguista. A ponencia reuniuse durante seis meses, informouse e discutiuse en Santiago baixo a presidencia de D. Enrique Raxoi, secretario da Comisión Redactora do Estatuto para traballar, xa que a elaboración do estatuto foi obra dun grupo de traballo integrado por Carballo Calero, Paz Andrade, Tovío e Alexandre Bóveda. Ó longo dese tempo todos os domingos reuníanse en Santiago. Aínda ben non se acabara de proclamar a II República



Bóveda antes de 1935.

Bóveda por Castelao.



Española. A sección de Ciencias Sociais, Políticas e Económicas do Seminario de Estudos Galegos tiña xa elaborado un proxecto de Estatuto para Galicia en maio de 1931. Rematado o encargo do Estatuto, o anteprojecto foi exposto ó público, sometido a información e presentado a debate. O proxecto de Estatuto de Galicia recollía integramente a problemática facendística galega. A asemblea de concellos convocou unha xuntanza no paraninfo da Universidade de Santiago para os días 17, 18 e 19 de nadal de 1932. O 19 de nadal o discurso de Bóveda fixo que se acendese na galaxia do Señor Santiago unha nova estrela producindo un impacto fondo na conciencia galega. Rematado o dis-

curso os 400 delegados dos concellos galegos tributaron unha clamorosa ovación a Bóveda e aprobaron o Estatuto por unanimidade. Aprobado o Estatuto pola asemblea de concellos tan só falta o requisito esixido pola constitución, isto é, a súa aprobación mediante plebescito popular. O plebescito do Estatuto celebrouse o 28 de xuño de 1936 e aprobouse por unha votación afirmativa do 74% do censo electoral. Foi o amencer e a ledicia. O 15 de xullo unha comisión entregou en Madrid o texto oficial do Estatuto de Galicia ó presidente das Cortes pero a situación militar provocada o 20 de xullo por un sector do exército impediu a súa aprobación.

5. Xuízo Sobre a Personalidade de Alexandre Bóveda

Bóveda foi un home con sentido ético, vencellado a cultura e tamén a nación galega. Foi o máximo organizador da expresión política concreta do galeguismo e o principal animador e organizador da práctica política do galeguismo. Na historia de Galicia Bóveda cumpriu un papel sustantivo. Era un home con vivencia ética.

Estivo sempre vencellado ó Seminario de Estudos Galegos. Na fundación do partido participou con conferencias, artigos e mítins. Foi o principal animador da vida política do galeguismo. Bóveda mostrou-se sempre non só como antiespañol senon tamén como antimilitarista. As ideas sementadas por Bóveda foron esnaquizadas polos militaristas fascistas. A labor de Bóveda na redacción do Estatuto de Autonomía asustou a todos. Foi un home entregado a causa do seu país. Foi un galego progresista e nacionalista. Foi a primeira vítima da traxedia apocalíptica

que se aveciñaba. "Home enteiro, soñador desperto e durmido, dun alto ideal". Dinos o seu curmán Xerardo: "*Fuches bo home, bo fillo, bo pai, bo cidadán*". Foi o loitador infatigable do galeguismo. Foi o símbolo do sentimento galeguista e chegou ata a categoría de símbolo ós 33 anos de idade. Fixo que os galegos se sentisen galegos nunha terra libre e dona do seu destino. Foi o mártir da autonomía. Traballou no seu posto oficial, escribiu en xornais e impartiu centos de conferencias. Con el o renacemento do partido galeguista foi estrelante. Foi o motor de explosión do partido galeguista.



*Proxecto de monumento
a Bóveda de Manuel Moldes.*



6. Detención e Encarcelamento de Bóveda

O 19 de xullo de 1936 detiveron a Bóveda no Goberno Civil de Pontevedra. Poucas horas despois deixábanos en liberdade baixo a promesa de presentarse no cuartel de artillería o día seguinte. Pasou aquela noite na casa do seu sogro que lle suxeriu fuxir ou acocharse algún tempo, e Bóveda contestoulle que iso non o facía xa que él non fixera nada malo. Na mañá do día 20 detivérono de novo na casa do seu sogro e conducírono ó cárcere de Pontevedra instalado na Escola Normal de Maxisterio. Anoitecendo para o día 26 sacárono do cárcere e conducírono en automóvil xunto cunha parella da Garda Civil. Dirixíronse a Pontecaldelas, intentaron “pasealo”, no camiño quixéronlle aplicar a lei de fuga pero Bóveda non se deixou enganar. Encadeárono en Pontecaldelas e ós poucos días levárono a Caldas de Reis, despois ingresou novamente no cárcere, instalado na Escola Normal de Pontevedra e o 17 de agosto foi trasladado ó cárcere civil da dita cidade de donde o mesmo día sacárono con destino a Caíra para ser fusilado.

7. Acusación e Testemuñas en Contra e a Favor de Bóveda

Detivérono baixo a acusación de que entregara armas á resistencia. Acusación organizada e argallada con arbitrariedade e con artimañas. Acusárono tamén de participar na organización dende o Goberno Civil da revolta protagonizada polas milicias de esquerdas para defender a cidade de Pontevedra contra os feixistas. As acusacións xa viñan de atrás. As principais testemuñas contra Bóveda foron a dun velliño, porteiro do Goberno Civil, que dixo que Bóveda era o que mandaba no despacho do gobernador civil os días 17, 18 e 19 de xullo e que no caso de fracasar o alzamento “Bóveda y su pandilla lucharían matando a todos los mili-

Boletín - Proxecto Monumento a Alexandre Bóveda. M. 1976



Bóveda por Conde Corbal.



tares". Tamén houbo quen testemuñou dicindo que Bóveda era separatista, comunista e antiespañol, disgregador da unidade nacional e traidor. Tamén houbo testemuñas a favor de Bóveda que viñan de xentes nada sospeitosas, así os capitáns Sánchez Cantón e Manuel Casal declararon que cando entraron no Goberno Civil nin Bóveda nin o gobernador civil deran motivos de queixas, non opuxeron resistencia e limitáronse a dicir que non se rendían se non era pola forza. Xosé García Vidal excatedrático de Dereito Administrativo, avogado da Deputación de Pontevedra, dixo: *"Non creo que o Señor Bóveda sexa un separatista y afirmo que no lo es ni él ni su programa, ni los estatutos de su partido"*. A pesares de todo, os militares feixistas inimigos do estado de autonomías fixeron crer ás xentes que Bóveda era un separatista e que proclamaba a independencia de Galicia.

8. Interrogatorio Feito a Bóveda

O día 3 de agosto do 1936 presentouse en Caldas de Reis o comandante D. Xosé Vila Fano nombrado Xuiz Instructor da cuasa de Bóveda para facerlle o primeiro interrogatorio. O día 6 de agosto volveu o militar a Caldas de Reis para efectuarlle o segundo interrogatorio. Bóveda reafirmouse no que dixerá na primeira declaración. Dixo tamén que a noite do día 18 de xullo pasouna toda enteira no despacho do gobernador civil. O día 13 de agosto cando xa se atopaba en Pontevedra fixéronlle o derradeiro interrogatorio. Bóveda ante o xuíz, Vila Fano, fixo unha defensa dos compañeiros da Garda Civil, non quixo facilitar os nomes que buscaban os militares. Afirmouse no ideario galeguista deixando ben claro que aquela doutrina non supuña a independencia de Galicia. Dixo tamén que asistira a mitíns do fronte popular e que foi ó Goberno Civil o día 19 de xullo do 36, requerido polo gobernador civil, e que o gobernador nunca estivera disposto a armar ás masas e que cando decidiu rendirse foino ver ó Goberno Civil.

9. Desenvolvemento do Xuízo Contra Bóveda

Bóveda estaba detido no cárcere improvisado no edificio da Escola Normal de Pontevedra. Entre os días 10 e 14 de agosto de 1936 sometérono a un xuízo militar sumarísimo e procesárono polo delicto de traición. Lidos os cargos resultou que Bóveda entorpecera as operacións do exército nacional co exército que el fixera e organizara no Goberno Civil. Deu órdenes ás milicias inimigas de España para que se distribuisen

polos puntos estratéxicos da cidade de Pontevedra e que era un separatista e por todo isto fallamos que debemos condear e condeamos ó procesado Alexandre Bóveda Iglesias a pena de morte como responsable do delicto de traición. O xuízo rematou cos informes da defensa e coas verbas arrepiantes de Bóveda que dixo que el non cometera ningún crime, rexeitou o calificativo de traidor á patria e dixo: *“Mi patria natural es Galicia, la amo fervorosamente, jamás la traicionaría aunque me concediesen siglos de vida, la adoro hasta más allá de mi muerte. Hice cuanto pude por Galicia y haría más si pudiese. No siento odio a España a la que por derecho natural pertenezco, solamente he combatido sus errores y a veces sus crueldades políticas contra mi idolatrada Galicia”*. Condeárono a morte. En realidade xa estaba condeado antes de comezar a farsa do xuízo.

10. Fusilamento de Alexandre Bóveda

Parentes e amigos fixeron toda clase de xestións para intentar cambiar a pena de morte, pero todo foi inútil. Bóveda cando lle falaban de petición de indulto dicía: *“Os indultos son cousas de novelas e quedar preso sería aínda unha cousa peor. Non me soltarían nunca máis”*. Bóveda acordouse entón dun discurso de Basilio Álvarez en Mondariz no cal remata dicindo: *“Cando eu morra quixera ollar, Señor, unha Galicia leda, farta e ceibe e con tal de que así sexa morrería ledo. ¡Quen me dera ser un soñador como Basilio! E se hai outra vida mirarei por un buratiño e verei a realidade luminosa desa Galicia, leda, farta e ceibe, esa Galicia na que sempre soñei”*.

Nas visitas que lle facía a súa dona Amalia ó cárcere, Bóveda sempre lle dicía: *“Ti ten valor porque xa che quedan catro fillos para loitar”*. A tarde anterior á súa morte visitouno a súa dona e os seus catro fillos. Alexandre non puído coñecer ó derradeiro, unha nena, que nacía cinco meses despois da súa morte. Ós seus catro fillos pequenos díxolles que ía facer unha curta viaxada e que lles traería xoguetes. Bóveda morreu axusticiado ós 33 anos do mesmo xeito que Xesucristo por falar con fervor dos pobos e das xentes asoballadas. No mencer do 17 de agosto levárono nunha camioneta de gardas de asalto ó monte da Caeira, amarrárono a un piñeiro e pegáronlle catro tiros. Do piñeiro ó que o arriaron non queda nin rastro. Mandárono cortar cando os pontevedreses comezaron a levar anacos da súa saca e pitelos como reliquias.



Bóveda por Conde Corbal.



Maqueta de Bucínos.

A súa derradeira noite pasouna Bóveda primeiro lendo versíños de Rosalía de Castro e despois xa na capela improvisada, lendo capítulos de Kempis e dialogando cos seus compañeiros. Ás catro da mañá do día 17 de agosto de 1936 levárono da Escola Normal onde estaba preso ó cárcere común de Pontevedra. Entrou na capela improvisada, confesouse, oíu unha misa dita encima dun caixón a modo de altar, recibíu a sagrada comunión, xa que foi sempre un home que nunca abandonou a súa fe católica. O confesor díxo ós seus familiares: *“Era un iluminado como os santos antigos, iría dereito ó ceo”*.


Bóveda dixéralle ó confesor: *“Eu teño absoluta confianza e seguridade en Deus, xa pasei aquí o purgatorio e dentro duns intres estarei acochado no colo de Deus”*. Xosé Sesto


dinos que nos momentos nos que se dicía a misa Bóveda chamouno e díxolle: *“Sestiño, ven rezar conmigo en galego e pregaron xuntos as oracións: Creo en Deus pai, Dios te salve Raiña, Nai, Pai noso, Ave María e despois díxolle agora deixame meditar un pouco”*. Escribiu cinco cartas, unha moi longa dirixida a súa muller, deseñou a súa lápida e pediulle ó xuíz que o enterrasen envolto na bandeira Galega. O xuíz negouse en redondo, pero o desexo de Bóveda cumpríuse e foi envolto na bandeira galega non por fora da caixa senón por dentro. Xosé Sesto dinos que acercouse a Bóveda xa morto cando estaba no cemiterio de San Amaro bicouno e con disimulo meteulle a bandeira debaixo da chaqueta no peto do chaleco, sobre o seu corpo morto.

11. Valoración de Bóveda e do Seu Centenario

A traxedia que ocasionou o 20 de xullo en Galicia foi cósmica e sanguinaria. Castelao referíndose ó acontecemento dinos: *“Fixérona boa, fíxerona grande, fíxerona libre, fíxerona boa, fíxerona boa, fíxerona boa”*. Bóveda era a primeira vítima da traxedia que se adiviñaba. Del dinos o seu curmán Xerardo: *“Fuchas bo home, bo fillo, bo pai, bo cidadán e bo traballador. Quitáronche a vida cando algúns bispos xa trocaban o mandato de Deus non matarás noutro que soaba así, matarás con xustiza”*.

De Alexandre Bóveda quedou o rastro inmorrente da súa vida exemplar, quedou a súa casa, o cerne, as razóns fondas, a ramalleira poderosa, quedou un





nome glorioso na historia de Galicia, quedou a visión profética de Castelao. Bóveda terá que ser nun mañá próximo ou lonxano a bandeira da nosa redención. Castelao dixo que non morreu definitivamente.

Por iso o escultor Manuel de Buciños no monumento que está a facer en Ourense para conmemorar o centenario de Bóveda, esculpe unha árbore, un carballo novo decotado no cal a sabia, sementeira, segue xerminando. Simboliza así, que a morte de Bóveda non foi inútil xa que os rapaces que agatuñan polo tronco do carballo descabezado son a semente da galeguidade de Bóveda. Castelao dixo que Bóveda non morreu definitivamente xa que nós non enterramos cadáveres, enterramos semente de mártires e de galeguitas. Estou seguro de que a morte de Bóveda daralle vida a Galicia. O día do fusilamento de Bóveda debería ser o día dos "mártires galegos".

O espírito de Bóveda segue vivo entre nós. De bóveda quedanos o seu exemplo, a súa morte exemplar, o seu sacrificio e o seu martirio, xa que Bóveda foi un dos mártires pola liberdade da nosa terra. O espírito de Bóveda segue en pé. A loita de Bóveda aínda despois da súa morte segue gañando batallas.

12. Bóveda Víctima dunha Inxustiza Histórica

O cincuenta aniversario de Bóveda non reparou a inxustiza histórica que está a sufrir aínda hoxe a súa figura. Moito me temo que no centenario que estamos a celebrar tampouco se repare de todo, nin se pague a débeda que temos coa figura senllera do motor de explosión do galeguismo no mundo enteiro. **Pido e esixo que se revise o proceso de Bóveda. O primeiro paso para reparar esta inxustiza deuno a Excm. Deputación Provincial de Ourense nomeando a Bóveda fillo predilecto da provincia, a proposta do seu presidente Ilmo. Sr. D. Xosé Luis Baltar Pumar.**



Deseño elixido para o monumento a Bóveda, obra de Buciños

